

RÉXIME DO SERVIZO DE EMPRESTIMO GRATUITO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PORTÁTILES AOS ALUMNOS/AS DO EDIFICIO XURÍDICO- EMPRESARIAL DO CAMPUS DE OURENSE

(aprobado en Consello de Goberno de 14 de Febreiro de 2011)

PREÁMBULO

Dentro dos Servizos que se prestan dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense, procedeuse como proxecto piloto, á adquisición de 36 ordenadores portátiles para o seu uso por alumnos/as do Edificio Xurídico-Empresarial.

Tal adquisición permitirá ofrecer ao alumnado das Facultades de Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo un servizo máis flexible e versátil do que se podería ofrecer dende unha aula de libre acceso, que se torna innecesaria ante a prestación do novo servizo.

A finalidade deste regulamento é o establecemento dun réxime xurídico do servizo, definindo o seu obxecto, o seu ámbito subxectivo, os dereitos e deberes dos/as usuarios/as así como as responsabilidades que se derivan do incumprimento das condicións do servizo ou deterioro ou perda do material empréstado.

CAPITULO I.-

ASPECTOS XERAIS DO SERVIZO DE EMPRÉSTIMO GRATUÍTO

Art. 1.- Definición do servizo.

1. O obxecto do empréstimo gratuíto é un ordenador portátil. E inclúe a batería e o cargador.
2. A tal efecto, na Conserxería do Edificio Xurídico- Empresarial, á entrada en vigor do presente regulamento, estarán dispoñibles 36 ordenadores portátiles cos periféricos descritos. En caso de perda ou deterioro dos equipos e/ou accesorios, substituiranse coa máxima celeridade unha vez determinadas e executadas, de selo caso, as eventuais responsabilidades que se deriven pola perda ou deterioro.
3. O servizo de empréstimo gratuíto estará dispoñible en período lectivo, de luns a venres, excluindo festivos, e sempre en horario oficial de apertura do Edificio Xurídico Empresarial.
4. O tempo máximo no que un usuario poderá facer uso do ordenador será de UN DÍA (1) lectivo, dentro do horario de apertura/peche do Edificio. Procedendo á devolución, ao máis tardar, antes da media hora do peche (20:30 horas).

Art. 2 Usuarios/as.

1. Tan so poderán facer uso do servizo de empréstimo gratuíto os/as alumnos/as matriculados/as nas titulacións oficiais adscritas ás Facultades de Dereito, Ciencias Empresariais e Turismo, do Campus de Ourense, sempre e cando non perderan a súa condición de alumno/a, estean ao día no pagamento das correspondentes taxas de matrícula e non estean incurso nalgunha causa de exclusión prevista no Capítulo II deste Regulamento.
2. O empréstimo gratuíto so poderá materializarse unha vez que o persoal de Conserxería constate que o solicitante cumpre tódolos requisitos previstos neste regulamento para poder facer uso do servizo.

Art. 3. Dereitos dos Usuarios/as.

Os usuarios/as teñen dereito:

- a) Ao empréstimo dun equipo co seu correspondente software e complementos en perfectas condicións de uso e cos límites temporais previstos nos parágrafos terceiro e cuarto do art. 1.
- b) A examinar o equipo antes de retiralo aos efectos de comprobar que se entrega en bo estado.
- c) A ser informados sobre o funcionamento do servizo de empréstimo gratuíto.
- d) A expresar os comentarios, queixas e suxestións sobre o servizo por medio das caixas de suxestións do Edificio.
- e) A que se lle devolva o seu carné universitario unha vez entregado o equipo dentro do prazo e ao menos aparentemente completo e en bo estado.

Art. 4. Deberes dos/as usuarios/as.

Os usuarios/as teñen os seguintes deberes:

- a) Identificarse por medio do carné universitario, ou calquera outro documento oficial identificativo, ao solicitar o uso do servizo, e deixar depositado o mesmo en Conserxería ao retirar o ordenador e os complementos.
- b) Asinar, ao retirar o material, un documento onde conste o seu nome, data e hora de entrega e onde se faga constar que o material se recibe en boas condicións e que coñece e acepta as responsabilidades que se derivan do seu deterioro ou perda.
- c) Cumprir coas normas reguladoras e atender ás indicacións e requirimentos do Persoal de Administración e Servizos en relación co empréstimo.

- d) Respetar e coidar o material, poñendo a máxima dilixencia no seu correcto uso e conservación.
- e) Utilizar os portátiles tan só para fins académicos, quedando excluído calquera outro uso.

CAPITULO II RESPONSABILIDADES DOS USUARIOS/AS

Sección primeira. Infraccións, sancións e responsabilidade patrimonial por deterioro ou perda do material emprestado.

Art. 5. Infraccións e sancións leves.

- 1. Son infraccións leves:
 - a. O retraso nun día na devolución do material prestado.
 - b. A utilización do material en empréstito para actividades non académicas.
- 2. Quen cometa unha infracción leve será amoestado e advertido de que no caso de cometer unha segunda infracción leve no mesmo curso académico dará lugar á comisión dunha infracción grave.

Art. 6. Infraccións e sancións graves.

- 1. Son infraccións graves:
 - a. O retraso entre un día e unha semana na devolución do material.
 - b. O deterioro do material por mal uso ou falta de dilixencia no seu coidado.
 - c. A comisión de máis dunha infracción leve ao longo do curso académico.
- 2. A comisión dunha infracción grave dá lugar á perda da condición de usuario do servizo durante un ano natural.

Art. 7. Infraccións e sancións moi graves.

- 1. Son infraccións moi graves:
 - a. O retraso en máis dunha semana na devolución do material emprestado.
 - b. A perda de todo ou parte do material emprestado.
 - c. O deterioro do material emprestado por dolo ou neglixencia grave.
 - d. A comisión de máis de dous infraccións graves ao longo de dous anos académicos.

2. A comisión dunha infracción moi grave da lugar á perda da condición de usuario do servizo durante tres anos naturais.

Art. 8. Responsabilidade Patrimonial.

1. O empréstimo gratuíto realízase a risco e ventura do usuario/a, asumindo este a responsabilidade patrimonial derivada da perda ou deterioro no material posto á súa disposición.
2. Con independencia da eventual concorrencia da responsabilidade sancionadora á que se refiren os artigos 5 a 7, ningún/ha alumno/a poderá facer uso do servizo de empréstimo gratuíto mentres teña pendente o pagamento dos deterioros ou perdas que sufrira o material emprestado mentres o tivo baixo a súa custodia.
3. No caso de perda ou deterioro aparente de todo ou parte do material emprestado, reterase cautelaramente o carné universitario do usuario até a determinación da responsabilidade que eventualmente lle corresponda e proceda á reparación da perda ou o deterioro.

Sección Segunda. Competencia e procedemento.

Art. 9. Competencia.

Será competente para iniciar o procedemento de responsabilidade o/a Reitor/a da Universidade de Vigo, finalizando o mesmo coa Resolución pertinente.

Art. 10. Procedemento.

Procederase, de ser o caso, a fase de instrución do procedemento aos efectos de clarificar as posibles responsabilidades, dando audiencia ao interesado para que faga as alegacións que estime pertinentes.

O instrutor do procedemento será un membro do equipo decanal da Facultade na que está matriculado o usuario/a, a proposta do/a Reitor/a da Universidade. Logo da toma en consideración das alegacións presentadas, e no seu caso, da proposición e práctica das probas que resulten pertinentes, o instrutor formulará unha proposta de Resolución e dará traslado á persoa titular da Vicerreitoría do Campus, para que dicte a correspondente Resolución.

Para o caso de infraccións leves a instrución do procedemento nos termos descritos finalizará cunha Resolución do Decano da Facultade da que é alumno o afectado sen necesidade de Resolución polo/a Reitor/a.

Será de aplicación, no non previsto, a Lei de Procedemento Administrativo 30/92

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

1. Mediante Resolución da Vicerreitoría do Campus de Ourense, identificaranse a marca e o modelo dos equipos que formen parte do servizo ou as súas características técnicas básicas. O mesmo sucederá co software incorporado aos equipos.
2. Mediante Resolución da Vicerreitoría do Campus de Ourense poderán engadirse outros complementos aos enumerados no art. 1 deste Regulamento.